




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Colexio de Educación Infantil e Primaria
Sada e contornos

Avda. Sada e contornos s/n
15160 SADA A CORUÑA
Tlfn e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es
Páxina web: centros.edu.xunta.es/ceipdesada



PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

INSTITUCIÓNS E SERVIZOS NO CONCELLO DE SADA

ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

INSTALACIÓNS DO CENTRO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Unidades do centro e alumnado

Actividades lectivas

Profesorado

Persoal non docente

Servizos complementarios

SINAIS DE IDENTIDADE

Fins educativos do centro

Principios da actividade educativa

OBXECTIVOS DO CENTRO

Ámbito pedagóxico

Ámbito humano

Ámbito institucional

Ámbito administrativo

Ámbito de normalización lingüística

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1. Órganos de goberno
2. Órganos de coordinación docente
3. Documentos de planificación
4. Ensinanzas de relixión
5. Medidas de atención aos alumnos que non optan polo ensino de relixión
6. Ensinanza de idiomas
7. Ensinanzas non obrigatorias
8. Actividades complementarias
9. Actividades extraescolares
10. Asociación de nais e pais

O presente Proxecto Educativo foi aprobado polo Consello Escolar na súa reunión do 25 de marzo de 2008.

CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

O **COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE SADA** está situado na vila de Sada. O seu enderezo é Avenida Sada e contornos, s/n °, 15160, do concello de Sada, provincia de A Coruña. É un centro de titularidade pública.

Sada é unha vila costeira que forma parte da chaira litoral das Mariñas. Os ríos que cruzan o seu territorio municipal verten as súas augas na ría de Betanzos: o *Samoedo*, o *río da Ponte* e, o máis importante deles, o río *Maior*; ten ademais pequenos regatos: *Cirro*, *Fraga*, ... que van directamente ao mar.

A orixe de Sada parece que se relaciona cunha poboación lacustre, segundo restos de columnas queimadas que apareceron no lugar das Brañas. Existen en Sada varios castros (*Meirás*, *Samoedo*) que xustifican a antigüidade do poboamento destas terras que, máis tarde serían visitadas polos fenicios e gregos. A finais do século XVII, xurdiu en Sada un dos escasos focos fabriles de Galicia. Trátase dunha incipiente industria téxtil na que se elaboran manteis, jarcia e lona e que no século seguinte chegou a constituír a Real Fábrica de Sada. Para a defensa das súa instalación, na que traballaban uns 200 operarios, construíronse dúas baterías, a de Fontán e a de Corbeiroa, pero como foron insuficientes acabaron trasladando a fábrica a Ferrol. Foi a mediados do século XVIII, coa chegada dos industriais cataláns, que houbo unha reactivación da actividade portuaria. A principios do século XX viviuse unha etapa de expansión ao que contribuíu positivamente a construción do tranvía eléctrico entre A Coruña e Sada. É nas primeiras décadas deste século nas que hai unha intensificación dos movementos emigratorios, especialmente a Estados Unidos e a Venezuela.

A empresa máis significativa do concello é cerámicas do Castro, complexo artístico e cultural. A construción está representada por un elevado número de pequenas empresas. No que se refire ao sector primario, as actividades agrícolas son puntuais e moi diversas: invernadoiros de plantas ornamentais, pequenas granxas gandeiras e cultivos de horta para o autoconsumo e venda dos excedentes nos mercados da bisbarra. A pesca foi tradicionalmente unha das principais fontes de riqueza do concello e o seu desenrolo está en torno ao porto de Fontán, destinado ao desembarco de peixe, ao ancoraxe dun elevado número de embarcacións de recreo, e ao embarque dalgunhas mercadorías. Ademais da pesca son importantes as bateas mexilloeiras situadas entre as praias de Veigue e Carnoedo.

Sada é un lugar de elevado interese turístico, o paseo marítimo percorre o fronte da ría desde a praia ata o porto deportivo de Fontán. O edificio máis significativo deste paseo é “A Terraza” (edificio modernista de 1919). Outro monumento importante é o Pazo de Meirás, e outros pazos como: Castro de Enriba , Os Oreiro, Castro de Samoedo, Santa Mariña de Sada, ...

INSTITUCIÓNS E SERVIZOS NO CONCELLO DE SADA

Sada conta con distintas sociedades e entidades encargadas de organizar actividades recreativas, culturais e deportivas:

- *Oficina da Xuventude*
- *Casa da Cultura*
- *Biblioteca municipal*
- *Sociedade R.C.D. (recreativa, cultural e deportiva)*
- *Asociación Cultural Ramón Suárez Picallo*

Centros deportivos:

- *Pavillón municipal de deportes*
- *Instalacións deportivas do Raio Sadense*
- *Pavillóns municipais do I.E.S. de Sada y do C.E.I.P. de Mondego*

Centros de ensino:

- *Gardería municipal de Sada*
- *IES Isaac Díaz Pardo*
- *C.E.I.P. de Sada e contornos*
- *C.E.I.P. Pedro Barrié de la Maza*
- *C.P.I. O Mosteirón*

Conta ademais con:

- *Grupo Municipal de Intervención Rápida*
- *Servizos de asistencia social*
- *Centro médico de atención primaria*

ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

O edificio foi construído con fondos que aportaron os emigrantes de Sada en Nova York a través da “Sociedad Sada y sus contornos”. O edificio foi inaugurado o día 1 de xaneiro de 1924 pero os problemas coas obras continuaron varios anos máis. É un edificio modernista emblemático na vila de Sada. Na súa orixe destinouse á escolarización dos nenos e nenas da vila de Sada e dos seus contornos.

No ano 1920 encargáronse os planos das escolas a Manuel López Mantiñán. O día 28 de setembro de 1920, subastouse a obra, presentándose un único candidato, o contratista José Suárez Álvarez que se comprometía a realizala pola cantidade de 107.380,- pesetas. O día 10 de novembro de 1920 aparece unha nova proposición feita por un mestre de obras de A Coruña que licita en 98.800 pesetas a construción do edificio. Por fin o día 6 de agosto de

1922 adxudícase a obra a Suárez Hermanos na cantidade de 67.100,- pesetas. Pasarán dous anos ata a inauguración das escolas. As obras estaban rematadas, pero non estaba rematado o acordado nas condicións do contrato; nas paredes apareceran fendas e a empresa Suárez Hermanos non facía caso aos múltiples requirimentos que facía a Sociedade contratante. O día 8 de xullo de 1928 celebráronse os primeiros exames nestas escolas

Durante a guerra civil o edificio foi incautado e aínda anos despois da guerra, servía de acuartelamento aos soldados. Mediante xestións realizadas polo alcalde Miguel Pérez Sanjurjo o edificio foi entregado ao concello o día 11 de xuño de 1946 para dedicalo a escolas públicas, fin para o que fora construído. Coa morte, en 1990, do último socio da Sociedade de "Sada y sus Contornos", e de acordo cos estatutos, o inmovible pasou a formar parte do patrimonio do concello. Na actualidade, segue albergando nas aulas aos nenos e nenas de Sada entre 3 e 12 anos de idade.

INSTALACIÓNS DO CENTRO

O edificio conta con tres plantas e en cada unha as seguintes dependencias:

Semisoto.

- 1 aula.
- Aula de Música.
- Servizos para alumnas e profesoras con lavabos e acceso directo ao patio.
- Servizos para alumnos e profesores con lavabos e acceso directo ao patio.
- Laboratorio.
- Unha aula destinada a biblioteca, aula de informática e sala de audiovisuais
- Almacén

Planta baixa.

- 5 aulas.
- Un servizo para os alumnos/as.
- Un lavabo.

Primeiro andar.

- 1 aula.
- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Sala de Profesores.
- Despacho Equipo Directivo.

No exterior.

- 2 aulas.
- Gimnasio.
- Patio.

Outras instalacións utilizadas polo centro.

- Pistas polideportivas municipais, próximas ao Centro.
- Auditorio da Casa da Cultura.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Unidades do centro e alumnado.

O colexio conta con 3 unidades de educación infantil e 6 de educación primaria. Hai un grupo de alumnos por nivel.

A ratio vense mantendo nos últimos cursos nunha media de 17 alumnos por aula, sendo máis numerosa nos niveis de educación infantil

Os alumnos proceden da área de influencia do centro, que ven sendo a totalidade do casco urbano de Sada. Non hai unha característica predominante que permita definir ás familias dos mesmos sendo dun nivel socioeconómico heteroxéneo. Nos últimos anos incrementase a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro que se veñen adaptando sen dificultades salientables.

Actividades lectivas.

O horario lectivo do centro é de 9 a 14 horas. O alumnado de educación infantil que se incorpora ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

Profesorado.

O catálogo de postos de traballo do centro é de 15 profesores, correspondendo ás seguintes especialidades

- 4 Educación Infantil
- 5 Educación Primaria
- 1 Lingua Inglesa
- 1 Lingua Francesa
- 1 Educación Física
- 1 Educación Musical
- 1 Pedagogía Terapéutica
- 1 Orientación.

O profesorado atenderá unha hora semanal, fóra do horario lectivo, ás familias que así o soliciten.

Persoal non docente.

O conserxe é o único persoal non docente co que conta o centro.

Servizos complementarios.

O centro non conta con servizos complementarios de transporte e comedor escolar.

SINAIS DE IDENTIDADE

Fins educativos do centro.

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- j) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Principios da actividade educativa.

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- i) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- j) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- k) A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- n) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- ñ) A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

OBXECTIVOS DO CENTRO

1. Ámbito pedagóxico.

- 1.1. Formar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- 1.2. Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.

- 1.3. Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- 1.4. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- 1.5. Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- 1.6. Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- 1.7. Desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:
 1. Competencia en comunicación lingüística
 2. Competencia matemática
 3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
 4. Tratamento da información e competencia dixital
 5. Competencia social e cidadá
 6. Competencia cultural e artística
 7. Competencia para aprender a aprender
 8. Autonomía e iniciativa persoal

2. Ámbito humano.

- 2.1. Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- 2.2. Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- 2.3. Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- 2.4. Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración
- 2.5. Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas
- 2.6. Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- 2.7. Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- 2.8. Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- 2.9. Educar para un consumo responsable.
- 2.10. Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- 2.11. Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- 2.12. Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- 2.13. Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- 2.14. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- 2.15. Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.

- 2.16. Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa. Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- 2.17. Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- 2.18. Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

3. Ámbito institucional.

- 3.1. Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- 3.2. Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- 3.3. Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- 3.4. Establecer contactos e coordinar actuacións co IES Isaac Díaz Pardo, centro receptor dos alumnos.
- 3.5. Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- 3.6. Colaborar co centro de formación do profesorado.
- 3.7. Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- 3.8. Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- 3.9. Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa

4. Ámbito administrativo.

- 4.1. Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- 4.2. Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

5. Ámbito de normalización lingüística.

Ao remate da educación primaria os alumnos deberán ter un dominio do galego e do castelán que lles permita comunicarse en ámbalas dúas linguas por un igual. Así mesmo fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- 5.1. Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- 5.2. Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- 5.3. Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa,...
- 5.4. Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1. Órganos de goberno.

- 1.1. Colexiados: Consello escolar e Claustro de profesores
- 1.2. Unipersoais: Director/a, Secretario/a, Xefe/a de estudos.

2. Órganos de coordinación docente.

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Equipo de orientación.
- Equipos de ciclo.
- Equipos de traballo.

3. Documentos de planificación.

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

1. A concreción do currículo. Incluirá os seguintes documentos:
 - a) As programacións didácticas de cada ciclo, que incluirán as competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como as estratexias metodolóxicas e de atención á diversidade.
 - b) A educación en valores a través das distintas áreas.
 - c) Os criterios de avaliación e promoción do alumnado.
 - d) Medidas para o alumnado que permaneza un ano máis no ciclo.
 - e) O período de adaptación á escola.
 - f) O proxecto lingüístico do centro
 - g) O proxecto de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación.
 - h) O proxecto lector de centro
 - i) O plan de convivencia escolar.
 - j) O plan de saídas escolares.
2. A normativa de convivencia do centro.
3. O plan de acción tutorial.
4. O plan de orientación escolar.
5. O protocolo de acollida do alumnado procedente do estranxeiro.
6. O plan de autoprotección escolar.
7. O presuposto anual.
8. A programación xeral anual.
9. A memoria anual.

Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación xeral anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.

4. Dinamizacións e outras funcións docentes.

Atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo educativo.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Apoio á educación infantil.

O Equipo Directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Poderanse establecer dinamizacións como:

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Biblioteca.
- Convivencia escolar.
- Normalización lingüística.
- Mellora da calidade educativa.
- Programas internacionais.
- Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

5. Ensinanzas de Relixión.

Impártese o ensino de relixión e moral católicas a aqueles alumnos que as súas familias así o solicitan.

As outras confesións relixiosas impártese na medida que os responsables das mesmas facilitan profesorado para tal fin.

6. Medidas de atención aos alumnos que non optan polo ensino de relixión.

Os alumnos para os que as súas familias non solicitan ensinanzas de relixión reciben atención educativa, que non comporta a aprendizaxe de contidos curriculares, por parte do profesorado.

As ensinanzas que recibirán consistirán en:

- a) Actividades de reciclaxe. Taller de reparación e construción de obxectos
- b) Actividades ambientais: semente, coidado , recollida de plantas. Exposicións sobre elementos integrantes do contorno natural, coidado dos mesmos,...
- c) Actividades de biblioteca: coidado e organización dos materiais e fondos. Exposicións sobre temas concretos.
- d) Exposicións sobre celebracións e conmemoracións que se realicen no centro.

Cada ciclo desenvolverá nas programacións didácticas os contidos relacionados con estas ensinanzas adaptándoas ao nivel e idade dos alumnos.

6. Ensinanza de idiomas.

O centro conta con profesorado especialista en lingua francesa e inglesa, ofertando ás familias a opcionalidade de elixir unha delas no momento da matrícula.

O centro participa no Proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil. Coa implantación do novo currículo nesta etapa educativa, impartirase nas condicións fixadas pola administración.

7. Ensinanzas non obrigatorias.

As ensinanzas de educación musical e educación física, non obrigatorias na etapa de educación infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na programación xeral anual para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

No nivel de educación infantil de 3 anos estas ensinanzas iniciaranse no segundo trimestre para permitir unha adaptación suficiente ao centro por parte do alumnado.

8. Actividades complementarias.

Son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

- Celebración do Magosto.
- Celebración do Nadal.
- Celebración do Entroido.
- Escola de cerámica O Castro.
- Celebración das Letras Galegas.
- Elaboración e edición do Xornal Escolar.
- Actividades de promoción da lectura.
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos de profesores.
- Participación no programa "Descubrir Coruña": concertos didácticos, representacións teatrais, visitas ás casas das ciencias, do home e dos peixes,...
- Programa de aproximación ao arte contemporáneo do Centro Galego de Arte Contemporáneo.

9. Actividades extraescolares.

O centro oferta, unha vez rematado o horario lectivo, unha serie de actividades lúdico-educativas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais. Algunhas destas actividades realízanse nas propias instalacións do centro e outras en dependencias de titularidade municipal ou de entidades culturais e asociacións deportivas.

A oferta de actividades realizarase cada curso ao comezo da actividade lectiva e figurará na Programación Xeral Anual. A Asociación de nais e pais vense responsabilizando da organización e funcionamento das mesmas.

O financiamento destas actividades corre a cargo das familias, contando con axudas do Concello e da Deputación Provincial

10. Asociación de nais e pais.

No centro está constituída a Asociación de nais e pais As Mariñas.

A Asociación ven organizando as actividades extraescolares que se imparten fóra do horario lectivo e ás que asisten os alumnos con carácter voluntario.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro, organiza actividades de fin de curso e programa unha escola de nais e pais dirixida ás familias.

A Asociación conta cun representante no Consello escolar do centro.

Sada, marzo de 2008.